



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA QUINCE DE XANEIRO DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día quince de xaneiro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e oito de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2013.

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 26/10/2012 e publicadas no BOP núm. 207/12, do 30 de outubro e da *modificación das mesmas aprobadas polo Pleno da Deputación do 21 de decembro de 2012*.

En función do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de decembro de dous mil doce, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobación do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013)* cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño	91.366,16	4.808,75	96.174,91
Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos	45.843,84	3.676,73	49.520,57



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



e Ximonde			
TOTAIS	137.210	8.485,48	145.695,48

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	58.700,00

C)Resumo:

	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	137.210	8.485,48	145.695,48
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	58.700	108.440	167.140
TOTAL	195.910	116.925,48	312.835,48

2º.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde-Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º.- Instancias de obras de particulares.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para proceder á parcelación da finca con referencia catastral 15090C502009140000XR, situada en Ramil -San Fins de Sales, cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en cinco parcelas resultantes segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico forestal don Wenceslao Vidal Eiras.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación



das taxas municipais, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de trescentos (#300,00#) euros.

4º.- Aprobación das bases do proceso de funcionarización dunha traballadora fixa deste concello coa categoría de auxiliar administrativa.

Dáse conta das bases da convocatoria cuxo obxecto é regular o acceso á función pública como funcionaria dunha traballadora fixa deste concello de conformidade co previsto na oferta de emprego público para o ano 2012, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 10 de setembro de 2012, afectada pola disposición transitoria segunda da Lei 7/2012, do 12 de abril, do estatuto do empregado público.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas bases.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de decembro do ano pasado, pola que en relación coa situación da parcela con referencia catastral 15090A003004140000SX, sita en Cibrán -San Xián de Sales, sobresaen pólas de árbores, ocupando un vial de titularidade municipal, acorda comunicarlle a dona Dolores Iglesias Gacio que deberá levar a cabo os traballos en canto sexa posible e, como tarde, antes do período estival.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de xaneiro do ano que andamos, pola que en relación co expediente relativo á reposición da legalidade respecto das actuacións en curso de execución consistentes en construción de edificación acaroada ao linde, no lugar de Trobe, promovidas por don Miguel A.Camino Bouzón, acórdase deixar en suspenso polo mesmo prazo que o concedido para a execución das obras solicitadas, seis meses, o citado expediente.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.3.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data dez de xaneiro do ano que andamos, pola que á vista da comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relativa ao vencemento do período de mandato de Xuíz de Paz Substituto desta localidade, acórdase que se proceda, segundo o disposto legalmente ao efecto, a realizar os trámites para a elección para o novo período de catro anos.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, conforme establece o artigo 211 e demais de aplicación da LOUGA, respecto da situación da antena de telefonía móbil situada en A Lagoa, da que é titular a empresa Telefónica Móviles España, S.A que non dispón da preceptiva licenza de actividade para o seu funcionamento.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data once de xaneiro do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas e da proposta do tribunal



cualificador ordénase a contratación para a praza de informático para impartir cursos a dona Yolanda López Bouzón.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de xaneiro do ano que andamos, pola que se ordena o arquivo das actuacións practicadas por mor das obras de cerramento existentes no lugar de Sobredo -Vilanova sobre da parcela 343 do plano do acordo de concentración parcelaria de Vilanova –Merín.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Aprobación do padrón da taxa de subministro de auga potable do 4º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 4º trimestre de 2012, remitido pola empresa concesionaria do servizo Aquagest, Promoción Económica e Financiera de Abastecementos de auga, S.A, cuxo resumo é o seguinte: contribuíntes: 81; m³ facturados: 1.192 ; importe total: 1.726,25 euros; Canon da auga: 374,49 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.